



Benqueridas familias:

O 30 de agosto de 2021, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno do Consello Escolar de Galicia, coa presenza do Conselleiro de Educación e a do Conselleiro de Sanidade co obxectivo de informarnos do inicio do curso escolar 21-22:

O plan de adaptación á situación COVID-19 será a versión 06/07/21. Nos próximos días, estará á vosa disposición na páxina web o noso protocolo, que poderá variar se saen novas recomendacións.

A continuación, detallámosvos información importante e de interese ante o comezo do curso.

▪ **PRIMEIRO DÍA DE CLASE**

- Xoves, 9 de setembro: Alumnado de EI. e Alumnado de EP.
- Mércores, 15 de setembro: Alumnado ESO

▪ **PORTAS DE ACCESO AO CENTRO**

Para facilitar a entrada e saída escalonada do noso alumnado e non ter aglomeracións, tal e como indica o protocolo das Consellerías, habilitaranse as seguintes **PORTAS**:

- Porta azul da rúa España para o alumnado de EI, 3.º e 4.º de EP e 1.º e 2.º de ESO.
- Porta principal da rúa San Amaro para o alumnado de 5.º e 6.º de EP e 3.º e 4.º de ESO.
- Porta pequena dos arcos da rúa San Amaro para o alumnado de 1.º e 2.º de EP.



▪ HORARIO ESCOLAR PARA O CURSO 2021-2022

O horario tamén será escalonado para favorecer a distancia entre os distintos grupos de nenos e nenas.

Educación Infantil		
	Entrada	Saída
3 anos	De 9.20 h a 9.30 h (Agás no período de adaptación)	de 13.45 h a 14.00 h
4 e 5 anos	De 9.00 h a 9.15 h	14.00 h a 14.10 h
O alumnado poderá ser acompañado por un só adulto ata a porta do patio cuberto, sempre con máscara. Respetaranse os espazos sinalados no chan para gardar a distancia de seguridade.		
Educación Primaria		
1.º	9.05 h	14.10 h
2.º	8.55 h	14.00 h
O alumnado de 1.º e 2.º de EP poderá ser acompañado por un só adulto polas escaleiras principais ata a porta de entrada, respectando en todo momento as direccións sinaladas e as distancias. Na saída, os familiares esperarán gardando a distancia de seguridade.		
3.º	8.55h	14.00h
4.º	9:05h	14.10h
O alumnado de 3.º e 4.º de EP entrará só polo camiño sinalado dende a porta azul ata a porta branca de acceso ao colexio. Á saída, os familiares esperarán fóra do recinto escolar.		
5.º	8.55h	14.00h
6.º	9.05h	14.10h
O alumnado de 5.º e 6.º de EP subirá só ata a porta principal, respectando as distancias de seguridade e o sentido de subida e baixada sinalado. Os familiares permanecerán fóra do recinto escolar tanto na entrada como na saída.		
Educación Secundaria		
As portas abriranse ás 8.15 h e ás 16.15 h do martes, para facilitar a entrada escalonada. O alumnado de 1.º e 2.º de ESO accederá desde a porta azul ata o patio cuberto, respectando a distancia de seguridade e o sentido sinalado tanto para a entrada como para a saída. O alumnado de 3.º e 4.º de ESO subirá ata a porta principal respectando as distancias de seguridade e o sentido de subida e baixada sinalado.		
	COMEZO DAS CLASES	SAÍDA
1.º	8.25h/ Tarde do martes 16.25h	14.15h/ Tarde do martes 18.05h
2.º	8.30h/ Tarde do martes 16.30h	14.20h/ Tarde do martes 18.10h
3.º	8.25h/ Tarde do martes 16.25h	14.15h/ Tarde do martes 18.05h
4.º	8.30h/ Tarde do martes 16.30h	14.20h/ Tarde do martes 18.10h

É moi importante respectar os horarios e as medidas de seguridade establecidas con responsabilidade e sendo exemplo para os nosos nenos e nenas.



▪ **OUTROS AVISOS**

- Será obrigatorio dende 1.º de EP ata 4.º de ESO o uso da máscara durante toda a xornada lectiva, así como en comedor e madrugadores. O alumnado deberá traer unha funda co seu nome específico para gardala, así como outra máscara de reposto.
- O uso da máscara en EI non é obrigatorio, pero desde o centro recomendámola por ser unha das medidas máis eficaces para evitar os contaxios. Pedímosvos que, na medida do posible, habituedes aos vossos fillos e ás vosas fillas a usala e traela ao colexio, polo ben de todos.
- En breve enviaremosvos as circulares coa información das actividades extraescolares programadas para este curso.
- Por motivos de seguridade, o acceso das familias ao colexio seguirá sendo previa cita e de forma excepcional, agás para trámites de secretaría.

No caso de que se queden a comedor ou utilicen o servizo de madrugadores, a máscara é obrigatoria xa que estarán con alumnos que non son do seu grupo estable de convivencia.

Un cordial saúdo.

O equipo directivo.